



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 19 DE NOVEMBRO DO 2019.-

<p>ASISTEN: Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna Mª Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D. Luis Cendán Fernández. Dn. Emilio Mesías Farías. Dna. Cristina Cadena Freire. Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Marcos Carballo Sarmiento Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez. AUSENCIA XUSTIFICADA: D. José Manuel Cendán Fernández</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as nove horas e vinte e un minutos do día dezanove de novembro do dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
---	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

1º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DO ACORDO EXTRAJUDICIAL ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA, OS CONCELLOS DE ARES, FENE E MUGARDOS E DEPURADORA DE ARES, S.A.

Dáse conta do informe de secretaría "Proposta de acordo extraxudicial entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, os concellos de Ares, Fene e Mugardos e Depuradora de Ares S.A." de data 11 de novembro do 2019 que a continuación se transcribe;

INFORME DE SECRETARÍA

ASUNTO: PROPOSTA DE ACORDO EXTRAJUDICIAL entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, Os Concellos de Ares, Fene e Mugardos e Depuradora de Ares, S.A.

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Empresa Pública de Obras y Servizos Hidráulicos e a UTE Construcións Taboada e Ramos, S.L. e SA de Obras e Servizos, Copasa (actualmente Depuradora de Ares, S.A.) asinaron o 11 de agosto de 2008 o contrato de concesión de obra pública para a redacción do proxecto, construción e explotación das actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares, e na zona sur da ría de Ferrol, Ares, Fene e Mugardos (A Coruña). Clave OH.315.478.





O 29 de maio de 2014, Augas de Galicia e o representante da concesionaria asinaron a acta de recepción das obras, sendo as infraestruturas que non formaban parte da depuradora e da conducción do vertido entregadas aos concellos para a súa explotación, sendo o mesmo día 29 de maio de 2014 asinadas as actas de entrega das obras realizadas polos concellos de Fene e Mugaros no seu respectivo ámbito.

Segundo.- A concesionaria vén desde o 2 de xuño de 2014 prestando o servizo de explotación da estación de bombeo e tanque das Cagallas sen que se aboasen os gastos inherentes a dito servizo.

Os Concellos de Ares-Fene e Mugaros cando iniciaron a licitación da xestión do servizo de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación do saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conducións e bombeos) Ares-Fene-Mugaros mediante licitación publicitada no BOP núm. 44, de 05-03-2013 se ben excluiron o bombeo de litixio (As Cagallas) adxudicado definitivamente por acordo plenario de 28-11-2013, así como na nova licitación iniciada (acordo plenario de 05-02-2018) en virtude do acordo da Comisión Mixta de Coordinación da Xestión compartida do servizo de bombeos: actuación de saneamento na zona norte da ría de Ares e sur da Ría de Ferrol "EDAR" constituída polos Concellos de Ares, Fene e Mugaros "encomenda de xestión" (sesión do día 05-12-2012) publicada a licitación no BOP núm. 27 de 07-02-2018 e no perfil do contratante do Concello de Ares (07-02-2018), sendo unha competencia municipal e habendo sido recepcións instalacións polos Concellos de Fene e Mugaros, o servizo efectivamente foi prestado sendo os Concellos de Ares, Fene e Mugaros codemandados no Procedemento Ordinario 0000283/2018.

Terceiro.- A concesionaria presentou recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela (número procedemento PO 283/2018), sendo o 6 de xuño pasado emprazados como demandados os Concellos de Ares, Fene e Mugaros no procedemento.

Cuarto.- Con data 28 de outubro actual a medio do Decreto de 28-10-2019 o Xulgado Contencioso-Administrativo N. 2 de Santiago de Compostela **SUSPENDE** o procedemento polo prazo de **sesenta días**, a instancia da parte demandada.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Segundo o art. 1809 do Código Civil, «**la transacción es un contrato por el cual las partes, dando, prometiendo o reteniendo cada una alguna cosa, evitan la provocación de un pleito o ponen término al que había comenzado**». No presente caso, trátase do que se coñece doctrinalmente como unha transacción extraxudicial que ten por obxecto poñer fin, fora do proceso, ao contencioso xudicial que sosteñen as partes mediante a renuncia mutua a algúns dos seus respectivos dereitos.

Competencia para transixir.-





A competencia para transixir sobre os bens ou dereitos patrimoniais do Concello corresponde, ao Pleno da Corporación (Disposición adicional 2ª.10 da Lei 9/2017 -LCSP-). A competencia do Pleno para aprobar a transacción extraxudicial non é un mero requisito de eficacia, senón de validez, non susceptible de delegación (**Ditames do Consello de Estado núms. 44.865, de 23 de decembro de 1982; 45.164-A, de 28 de abril de 1983; y 45.719, de 8 de marzo de 1984, Recompilación de Doutrina legal de 1982, 1983 y 1984,**

§§ 299, 31 y 155-156).

Procedemento para transixir.-

En canto ao procedemento, debe recordarse, de acordo coa doutrina do Consello de Estado (**Ditame núm. 42.868, de 23 de decembro de 1980, Recompilación de Doutrina Legal de 1979-80, § 26**), que non existe na lexislación administrativa aplicable un procedemento formal completo para alcanzar a transacción, nin un sistema de regras de fondo que haxan de terse obrigatoriamente presentes, por canto, se ben é un contrato da Administración e administrativo, a tenor das regras do art. 5.2 da Lei 13/1995, do 18 de maio, de Contratos do Estado, según el artículo 54 do Regulamento Xeral e Contratos de 1975 -de acordo coa súa Disposición Derrogatoria única, 1.b)- as transaccións da Administración regúlanse pola súa lexislación especial; a día de hoxe artigo 34 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014:

Artigo 34 Libertad de pactos

“1. En los contratos del sector público podrán incluirse cualesquiera pactos, cláusulas y condiciones, siempre que no sean contrarios al interés público, al ordenamiento jurídico y a los principios de buena administración.”

En materia de procedemento non son, pois, esixibles outras regras que as derivadas de algúns dos principios xerais do procedemento administrativo común que, no presente caso, concréntanse na simplicidade e eficacia do procedemento (trasunto dos de economía procesual e contradición) ao obxecto de alcanzar a vontade de transixir que parece existe nas partes, sen prexuízo da salvagarda do interese público, fin inherente á actividade da Administración Pública.

En conclusión, a regulación xurídico-administrativa da transacción, á que remite o art. 1812 Código Civil, non afecta ó seu contido, senón que se circunscribe aos requisitos formais para a súa válida celebración, concretados na necesaria aprobación da transacción polo Pleno da Corporación.

A inexistencia de regulación substantiva das transaccións posibles á Administración explica, no marco da liberdade contractual e pacticia recoñecida nos arts. 34 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, e 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que non existan máis





límites para as partes que os impostos pola posibilidade mesma de transixir («materias no susceptibles de transacción», di o art. 86.1 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, en relación coa terminación convencional dos procedementos):

Artigo 86 Terminación convencional

“1. Las Administraciones Públicas podrán celebrar acuerdos, pactos, convenios o contratos con personas tanto de Derecho público como privado, siempre que no sean contrarios al ordenamiento jurídico ni versen sobre **materias no susceptibles de transacción** y tengan por objeto satisfacer el interés público que tienen encomendado, con el alcance, efectos y régimen jurídico específico que, en su caso, prevea la disposición que lo regule, pudiendo tales actos tener la consideración de finalizadores de los procedimientos administrativos o insertarse en los mismos con carácter previo, vinculante o no, a la resolución que les ponga fin”.

Límites para cuxa identificación non hai que atender exclusivamente ao Código Civil, pois, existen principios xerais propios do ordenamento xurídico administrativo dos que se derivan regras específicas a ter en conta en cada caso, tales como que o contido da transacción proxectada « no sea contrario al interés público, al ordenamiento jurídico o a los principios de buena administración » (art. 34 Lei 9/2017), nin supoña «alteración de las competencias atribuidas a los órganos administrativos ni de las responsabilidades que correspondan a las autoridades y funcionarios relativas al funcionamiento de los servicios públicos», (art. 86.4 Lei 39/2015, de 1 de outubro):

“4. Los acuerdos que se suscriban no supondrán alteración de las competencias atribuidas a los órganos administrativos, ni de las responsabilidades que correspondan a las autoridades y funcionarios, relativas al funcionamiento de los servicios públicos.”

C).- Segundo reiterado criterio da xurisprudencia do Tribunal Supremo (entre outras, cfr. a **Sentenza de 27 de novembro de 1987**) e da doutrina legal do Consello de Estado (entre outros, cfr. o **Ditame 764/92, de 9 de xullo, Recompilación de Doutrina Legal de 1992**, tres son os elementos esenciais do contrato de transacción:

Unha relación xurídica litixiosa que produce incerteza en relación á súa mesma **existencia ou ó seu contido**.

A intención das partes de eliminar tal incerteza, substituíndo a relación xurídica **controvertida por outra totalmente certa e clara**.

O outorgamento polas partes de recíprocas concesións.

D).- **Ponderación da controversia e intención de finalizala.**

Feita a anterior exposición dos feitos con relevancia xurídica da relación xurídica existente entre os Concellos de Ares, Fene e Mugardos, a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia e Depuradora de Ares, S.A. obsérvase unha inseguridade pola falla de concreción da relación xurídica existente entre os Concellos de Ares, Fene e Mugardos e a Entidade Pública





Empresarial Augas de Galicia e Depuradora de Ares, S.A. por canto esta última reclama a **cantidade de 1.248.070,63 €.** (IVE excluído) en concepto de custes incorridos polo desenvolvemento da actividade de explotación e mantemento do bombeo de As Cagallas ata febreiro 2019 (xaneiro de 2019 como último mes incluído) **maís os intereses de demora correspondentes. Este importe verase incrementado cos custes que se xeran ata a efectiva liquidación da cantidade reclamada.**

A concreción definitiva dos dereitos das partes que poda resultar da conclusión do procedemento xurisdiccional, é incerta e non queda claro, **aínda que** os Concellos de Ares-Fene e Mugardos cando iniciaron a licitación da xestión do servizo de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación do saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conducións e bombeos) Ares-Fene-Mugardos mediante licitación publicitada no BOP núm. 44, de 05-03-2013 se ben excluiron o bombeo de litixio (As Cagallas) adxudicado definitivamente por acordo plenario de 28-11-2013, así como na nova licitación iniciada (acordo plenario de 05-02-2018) en virtude do acordo da Comisión Mixta de Coordinación da Xestión compartida do servizo de bombeos: actuación de saneamento na zona norte da ría de Ares e sur da Ría de Ferrol "EDAR" constituída polos Concellos de Ares, Fene e Mugardos "encomenda de xestión" (sesión do día 05-12-2012) publicada a licitación no BOP núm. 27 de 07-02-2018 e no perfil do contratante do Concello de Ares (07-02-2018), sendo unha competencia municipal e habendo sido recepcionadas instalacións polos Concellos de Fene e Mugardos, o servizo efectivamente foi prestado **aos concellos**, sendo os Concellos de Ares, Fene e Mugardos codemandados no Procedemento Ordinario 0000283/2018.

Habendo acordado o Xulgado Contencioso-Administrativo N°. 2 de Santiago de Compostela por Decreto de 28-10-2019 a petición das partes demandadas a suspensión do procedemento por prazo de sesenta días e a súa vez vista a proposta de "ACORDO EXTRAJUDICIAL ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIA AUGAS DE GALICIA, OS CONCELLOS DE ARES, FENE E MUGARDOS E DEPURADORA DE ARES, S.A." no cal Augas de

Galicia se obriga a pagar á Depuradora de Ares, S.A. as cantidades reclamadas en concepto de gastos pola xestión do servizo público de explotación e mantemento da estación de bombeo e tanque de As Cagallas entre o 2 de xuño de 2014 e o 31 de decembro de 2019, asumindo os Concellos de Ares, Fene e Mugardos a xestión de dito servizo desde o 1 de xaneiro de 2020 conforme ás condicións e reparto previsto na cláusula segunda da proposta de acordo extrajudicial proposto; **á vista da existencia de unha relación xurídica litixiosa (procedemento contencioso-administrativo) que produce unha relación de incerteza, substituíndo a mesma por outra totalmente certa e clara, outorgándose polas partes de recíprocas concesións; infórmase favorablemente** a proposta de transacción extrajudicial nos termos efectuada pola Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia.

Finalmente debe sinalarse que a Lei reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa regula, entre os "otros medios de terminación del procedimiento", o acordo ao que cheguen as parte.77.3) :





“Si las partes llegaran a un acuerdo que implique la desaparición de la controversia, el Juez o Tribunal dictará auto declarando terminado el procedimiento, siempre que lo acordado no fuera manifiestamente contrario al ordenamiento jurídico ni lesivo del interés público o de terceros”

Ares, a once de novembro de 2019

O Secretario,

Intervén o Sr. Alcalde abrindo a primeira quenda de intervencións para fixar posicións, dálle a palabra a voceira do PP.

Toma a palabra o Sra. Martínez Martínez dando os bos días a todos/as e manifestando que non entendemos que dende o ano 2014 non se nos informou aos grupos da oposición desta decisión, por iso creemos que é necesario o balance de xestión do servizo municipal de augas que vostede segue sen entregarnos. Temos pendente a resolución ditada polo tribunal administrativo de contratación pública de Galicia no recurso especial en materia de contratación, a licitación do contrato de xestión do servizo público de explotación e mantemento da EDAR que o concello de Ares é quen o licitou por certo, pasou case un ano e segue pendente a mesa de contratación e non sabemos en que medida isto vai afectar no contrato de xestión a partir do 1 de xaneiro do 2020. Con respecto a taxa de saneamento na que se di que se trata dunha taxa municipal aprobada polos concellos de Fene, Mugardos e Ares e que sufraga os gastos de enerxía eléctrica e mantemento de todos os bombeos e colectores necesarios para levar as augas residuais a estación depuradora desde que se cobra dita taxa ían incluídos todos os bombeos, agora temos que devolver esa parte proporcional que vai a dar a xunta aos aresáns porque está claro que o concello cobrounos. Con respecto ao caudal impulsado polo bombeo das Caballas é do 66,88% das augas xestionadas na estación depuradora, porque temos que pagar os aresáns parte dese mantemento non entendemos iso.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que a proba de que o Partido Popular non é un partido fiable e verídico, non é fiable para o estado non é fiable para a xunta e non é fiable para ningún goberno municipal. Algo que facemos a instancias de Augas de Galicia é dunha conselleira que é do teu partido, algo que non tiñamos porque facer porque eu non asinei nunca a asunción da xestión de esas infraestruturas que nunca estiveron incluídas no contrato e que por tanto non se cobraron a ninguén en consecuencia, que lle teñamos que devolver cartos aos aresáns é unha torcedura da argumentación propia que está a altura do seu partido, porque non se preocupa absolutamente de nada solo de si mesmo porque el non estar incluídos no contrato, non están incluídos no estudo económico e por tanto non están incluídos no recibo iso o paga a Xunta porque é o acordo ao que chegou que o paga, e bastante xeneroso somos nós que lle decimos que a partir do 1 de xaneiro vaino a deixar de pagar, bastante xenerosos somos nós porque nos podíamos negar e dicir que seguíamos así que a Xunta pague ao que se comprometeu que o pague, porque non se pode cambiar as regras a metade do partido entón si efectivamente asumiron uns pregos que nos deron e deron o visto bo sen esas infraestruturas, porque agora temos que incluílo, a incluímos porque temos boa fe pero ben





xa vemos que o partido propón ao goberno da xunta os cambios pois loxicamente non lle deber de coller o teléfono a vostede porque senón explicaríanllo digo eu, e non me estraña que non lle collan o teléfono dado que efectivamente o comportamento que en atención ao interese xeral pois loxicamente vosa. Entón primeira mentira, non estaba no estudo económico, non están nos pregos e polo tanto non está no recibo segundo, por culpa de ese cambio de criterio da xunta que aceptamos porque ao mellor o tribunal sae por peteneiras e en vez de condenar a quen lles dixo que ía a subir ese custo, condena aos concellos, nunca sabemos como pode saír un xuízo pois aceptamos que a xunta cumpra coa súa palabra ata o 31 de decembro de este ano e que a partir do 1 de xaneiro do ano que ven nosoutros procederemos a incorporalo loxicamente no contrato e en consecuencia a pagar nin máis nin menos que 27000€ ao ano para manter o colector das Cagallas porque forma parte efectivamente da rede, non vertemos nel pero forma parte da rede e en consecuencia xa o explique na xunta de voceiros, aínda que non sei para que sirvan a as xuntas de voceiros xa o dixeran que ía ao risco e ventura porque non íamos a recoller imputación dese aumento no recibo baixo ningún concepto porque o custe dentro duns anos nos beneficia e outro nos prexudica e efectivamente aí haberá algún tipo de compensación. Xa me canso de dicir que o balance de xestión do servizo de augas non hai porque o servizo de augas non ten persoa xurídica independente forma parte do concello e polo tanto vai na conta xeral, vostede colla a conta xeral do concello de Ares onde van todos os ingresos e os gastos incluídos os do auga e en consecuencia como non é unha persoa xurídica non temos porque render un balance diferenciado de augas, igual que non rendimos un balance diferenza do OBI, non rendimos un balance diferenciado da luz, non rendimos un balance diferenciado de nada porque vai a nome do mesmo CIF que é o Concello de Ares e vai na conta xeral entón, colla a conta xeral e mire o que hai porque aí vense os ingresos e como se gastan eses ingresos, para iso é a conta xeral.

O Sr. Alcalde remata a súa intervención, pregunta si alguén quere intervir a maiores e pide a palabra a voceira do PP.

Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez manifestando que esta carta mandouna vostede, concello de Ares taxa de saneamento, todos os bombeos e colectores necesarios para levar as augas residuais na estación depuradora páganse 9€, o noso grupo estaría totalmente de acordo si fai o mesmo que fai o Alcalde do PP en Fene que non cobra a taxa de saneamento, é do PP.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que sendo así incumpro unha ordenanza.

Intervén novamente a Sra. Martínez Martínez dicindo que si a incumpre ou lle deixan incumprir, vostede a cobra.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que eu decido non denunciar ao Alcalde de Fene por incumprir un acordo entre tres concellos que nos comprometemos nunha comisión de seguimento da que hai acta e leva seis anos así, porque houbo outros alcaldes antes que el que non o cumpriron tampouco digo que teña el toda a culpa, el acaba de saír agora Alcalde por unha moción de censura e antes houbo outro Alcalde que tampouco a cobraba.





Intervén a Sra. Martínez Martínez manifestando que se distinguen en que é do PP en iso mesmo e en que se distinguen e lle volvo a repetir que eu non mandei esta carta, todos os bombeos pon todos, non certifica que bombeos. Tamén dicir que todo o que ingresa se gasta en auga, eu non sei si todo o que se ingresa do auga se gasta en auga, non o sei, vostede o saberá, por iso é necesario o balance e o ten que facer é obrigación súa facelo de dárnolo.

Remata a Sra Martínez Martínez a segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que sento moito que non cambies e que segas no tónica dun partido que como dixen responsabilidade absolutamente cero, moito falar de non cobrar impostos, subiron o IVA e todo o que subiron e incluso falar de sistema fiscal e fixeron unha amnistía moito falar de que temos que aprobar isto polo benestar de todos incluído a Consellería de Ordenación do Territorio que é o seu Secretario Xeral o que envía este acordo e que o Partido Popular de Ares sega ao seu, está ben a min loxicamente non me preocupa o que vostede fai en absoluto, e unha vez fixadas as dúas intervencións procedemos a votar.

Sometida a votación a aprobación se procede do acordo extraxudicial entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, os concellos de Ares, Fene e Mugar dos e depuradora de Ares S.A. o Pleno do Concello por 8 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL), 5 en contra (3PP) 2 abstencións (2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

2º APROBACIÓN MEMORIA TÉCNICA "INSTALACIÓN SOLARES FOTOVOLTAICAS EN AUTOCONSUMO EN DIVERSOS INMOBLES DE TITULARIDADE MUNICIPAL" E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN IDEA

Dáse conta do acordo da xunta municipal de goberno celebrada o día 28 de outubro de 2019 que a continuación se transcribe;

D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ, SECRETARIO DO CONCELLO DE ARES CORUÑA),

CERTIFICO:

Que pola Xunta Municipal de Goberno, en sesión extraordinaria celebrada o día 28 de outubro do 2019, adoptouse o seguinte acordo:

PUNTO NUM. 6.- APROBACIÓN DA MEMORIA TÉCNICA "INSTALACIÓN SOLARES FOTOVOLTAICAS EN AUTOCINSUMO EN DIVERSOS INMUEBLES DE TITULARIDADE MUNICIPAL" E SOUCITUDE DE SUBVENCIÓN AO IDAE.

Dada conta do Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño polo que, se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baseada en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.





Presentada en data 23/10/2019, por D. Guillermo Penedo Cobelo con DNI 32668458-V, enxeñeiro industrial Col. 1919 ICOIIG, Memoria Técnica para "INSTALACIÓNS FOLTOVOLTAICAS EN AUTOCONSUMO EN DIVERSOS INMUEBLES DE TITULARIDADE MUNICIPAL", de data

21/10/2019, cun orzamento de 104.525,58 € IVE engadido, redactada a petición do Concello de Ares.

Vista a Memoria descriptiva elaborada polo Arquitecto Técnico Municipal D. Alfonso Portela Martínez en data 21/10/2019 co título "INSTALACIÓNS FOLTOVOLTAICAS EN AUTOCONSUMO EN DIVERSOS INMUEBLES DE TITULARIDADE MUNICIPAL" Programa:

Subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020., Medida 15:"INSTALACIÓNS SOLARES FOLTOVOLTAICAS DESTINADAS A XERACIÓN ELÉCTRICA PARA AUTOCONSUMO (CONECTADAS Á REDE E ILLADAS).

A Xunta Municipal de Goberno, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a participación e aceptación expresa do procedemento de adxudicación de axudas regulado por este Real Decreto e máis concretamente no establecido no artigo 1.2. do Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño polo que, se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía babea en carbono no marco do Programa operativo FEDER de:crecemento sostible 2014-2020.

Segundo.- Detallar como actuación que compón o proxecto singular subvencionable o seguinte: Título "INSTALACIÓNS FOLTOVOLTAICAS EN AUTOCONSUMO EN DIVERSOS INMUEBLES DE

TITULARIDADE MUNICIPAL" Programa: Subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía babea en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020., Medida 15:"INSTALACIÓNS SOLARES FOLTOVOLTAICAS DESTINADAS A XERACIÓN ELÉCTRICA PARA AUTOCONSUMO (CONECTADAS Á REDE E ILLADAS).

Terceiro.- A aprobación orzamentaria de antedita actuación estará condicionada á obtención da cofinanciación FEDER para llevala a cabo.

Cuarto.- Aprobar a Memoria Técnica e a Memoria descriptiva tal como consta no artigo 12.4.a.3º) que se adxunta para a actuación "INSTALACIÓNS FOLTOVOLTAICAS EN AUTOCONSUMO EN DIVERSOS INMUEBLES DE TITULARIDADE MUNICIPAL".

Quinto.- Do presente darase traslado ao Pleno aos efectos oportunos.





E para que así conste e surta seus efectos, expido a presente a reservas do disposto no artigo 206 do R.O.F. de Orde eco Visto e Prace do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo en Ares a vinteoito de outubro do dous mil dezanove.

Vº e Prace

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o segundo punto é a aprobación da memoria técnica instalación solares fotovoltaicas en autoconsumo en diversos inmobles de titularidade municipal, que se corresponde a subvención que se solicita a o IDAE entón ben, ter que demostrar que con esta instalación imos a reducir consumos pois esixe instalacións municipais onde sexa posible instalar redutores entón efectivamente, as instalacións son as que efectivamente veñen numeradas, abrimos unha quenda de intervencións para fixar posicións.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceira do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando as grazas e os bos días a todos/as manifesta que a nós gustaríanos que fose antes o ter a información ao respecto deste proxecto así como a repercusión que se estima e de que maneira vai a repercutir economicamente, supoñemos que isto será o primeiro paso si é que sae ben, porque repito non tivemos esa explicación nunha comisión informativa e supoño que logo se continuará con este plan de instalación de paneis solares si a cousa repercute a redución do consumo.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo, nós queríamos saber se pode entrar o CPI AS MIRANDAS dentro disto.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si o mete a Xunta si porque é deles.

Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez dicindo, o digo porque non aparece.

Responde novamente o Sr. Alcalde dicindo que é da Xunta, senón o sabía pois é da Xunta.

Continúa a Sra. Martínez Martínez con respecto aos depósitos do Castro, porque se mete isto.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que é porque vai a haber bombeos alí.

Continúa a Sra. Martínez Martínez dicindo, como vostede dixo que se ían a cambiar para o Alto de Simou.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, pero os bombeos regulatorios de todo o pobo van para o Alto de Simou pero o do Castro ten que seguir no Castro e o de Cervás ten que seguir en Cervás e logo hai bombeos de distribución.





O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha outra cuestión.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que non.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que entón, temos o Campo de Fútbol que é municipal, as Alianzas do Lago e do Porto o edificio do concello vello onde está servizos sociais, a casa da xuventude, o depósito dos Castros porque é unha zoa de cota alta e se bombea bastante o de Marina do Pombal, o xulgado de paz, o mercado municipal e a nave almacén en consecuencia nos queda fora o pavillón porque isto esixe unhas infraestruturas nos tellados e o pavillón é de chapa non serve entón primeiro hai que acondicionar o pavillón o tellado non é hábil para coller unha instalación eléctrica porque si chove e o metal é condutor entón hai que facer obras no pavillón municipal que é o que nos quedaría, non podemos pedilo para a piscina porque iso é Mugardos e ten unha actitude moi complicada non fai comisións de seguimento non rinde contas da piscina sacouna a concurso cando rematou o contrato sen dar ningún tipo de explicacións a Ares entón, o da piscina tamén nos queda fóra porque é imposible falar con Mugardos sobre calquera tema común porque non atenden absolutamente a nada, ese é un goberno que xa está desfasado e por desgraza nos prexudica porque nos debe de bombeos 370000€ e da piscina levamos tres anos sen que renda contas de nada, entón non podemos meter esas dúas instalacións de momento. Sometemos o punto a votación.

Intervén o Sr. Mesías Farías preguntando senón hai unha segunda quenda de intervencións.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que pensou que non quería intervir, eu dinlle a palabra a Sra. Martínez Martínez porque ti non querías intervir.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que si quero intervir, vostede lle estaba respondendo a Sra. Martínez Martínez estaba na primeira quenda de intervencións estabades nun diálogo.

Responde novamente o Sr. Alcalde dicindo que imos por partes, sempre intervén primeiro o grupo minoritario, si lle din a palabra a Sra. Martínez Martínez é porque ti non a pediches porque senón sempre doucha a ti de primeiro, entón eu pensei q non querías intervir.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o S. Mesías Farías dicindo que nesta segunda intervención eu o que dixen na primeira intervención é que a nós nos gustaría ter o que é a información non os datos que vemos na memoria, pero si unha valoración política ao respecto de porque se trae este proxecto e cal é a previsión para continuar no futuro con outras instalacións que tamén son de ámbito municipal nas parroquias esa é a primeira pregunta que fixen na primeira intervención.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que a iso xa lle contestei e dicir menos a piscina e o pavillón, vai todo o que ten que ir, e o estudo da subvención pois recolle eses datos pero eu non sei léelos aí nas características principais veñen unha serie de táboas, saídas e entradas máximas e dicir veñen os datos entón aforro o que se estima pois no campo de fútbol un 23%, nas Alianzas do





Lago un 32% nas do Porto case 32% no edificio de servizos sociais case un 15% na casa da xuventude case 30% no depósito dos Castros estimamos un aforro do 36% no de Marina do Pombal un 34%, no xulgado de paz case 37% no mercado municipal un 60% e na nave almacén estimamos un aforro do 44% entón, son os datos cos que pedimos a subvención pero eu tampouco sei decirche que vai a xerar a placa fotovoltaica e que imos a deixar de consumir máis o menos en coste eléctrico ven aquí.

Remata o Sr. Alcalde e pregunta si hai algunha outra intervención, non hai.

O Sr. Alcalde somete o punto a votación.

Sometida a votación a aprobación memoria técnica “Instalación solares fotovoltaicas en autoconsumo en diversos inmobles de titularidade municipal”. o Pleno do Concello por unanimidade, 12 votos a favor (7 do PSdeG-PStOE, 1 de NAL, 2PP-1 Auxencia Xustificada, 2BNG), acorda prestar a súa aprobación.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as nove horas e corenta minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor

